



CONCELLO DE REDONDELA

EXPEDIENTE N.º 2805/2019

ASUNTO: NOMEAMENTO COMO PERSOAL EVENTUAL DE DONA MARÍA RITA PÉREZ TÁBOAS COMO PERSOAL EVENTUAL, COORDINADORA XERAL DA ÁREA DE GOBERNO

ANTECEDENTES:

1. O Pleno do Concello, na sesión ordinaria núm. 11 celebrada o 31/07/2019, a aprobou a seguinte proposta de acordo:

“Visto o disposto nos artigos 104 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e 29 da Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia (LEG) teño a ben propor ao Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo en relación ao asunto de referencia:

1. Crear un posto de natureza eventual coas seguintes características:

❖ **Persoa secretaria coordinadora xeral da área de goberno**

Características e retribucións: Xornada completa. As retribucións brutas anuais do citado posto serán de 25.000 euros brutos en 12 mensualidades que incrementaranse na mesma porcentaxe que no seu caso sinale a correspondente lei de presupostos xerais para os funcionarios públicos. As súas funcións serán:

- *Organización e programación da actividade da área de goberno.*
- *Secretaría persoal, axenda, visitas, etc. da alcaldesa.*
- *Xestión de correspondencia oficial.*
- *Soporte administrativo xeral da actividade da área de goberno.*
- *Centralización actividades relacionadas co proceso de organización de actos institucionais, visitas, etc.*
- *Calquera outra que estime a área de goberno, para o bo funcionamento dos servizos públicos municipais.*
- *Seguimento dos programas, plans e obxectivos e, actividades das diferentes áreas de goberno, organismos públicos, coa finalidade de facilitar á alcaldesa a coordinación do goberno.*
- *Recabar de todos os órganos do concello canta información sexa necesaria para o cumprimento das funcións de coordinación.*

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: S7DQ4N4LM9X7GX4DLTP4CRJPGCA | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



CONCELLO DE REDONDELA

2. *Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal vixente (aprobado xunto co orzamento para o exercicio de 2018 e actualmente prorrogado) aos efectos de axustalo ao presente acordo e incorporar o posto de persoal eventual de Coordinador/a da área de goberno sometendo a información pública este acordo concreto polo prazo de 15 días facendo constar que, de non presentarse alegacións entenderase aprobada definitivamente a modificación de conformidade co procedemento establecido polo artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
3. *Determinar que a efectividade destes acordos condiciónase á existencia de consignación orzamentaria suficiente .”*

2. Mediante resolución da Alcaldía nº 2135 de 1 de agosto de 2019, se acordou o nomeamento de dona Mercedes López Domínguez secretaria coordinadora xeral da área de goberno, con efectos do día de hoxe e de conformidade co acordo adoptado polo pleno do Concello do día 31.07.2019.

Visto o artigo 104 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime (LBRL) que sinala o seguinte:

“1. O número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación, ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos Orzamentos anuais.

2. O nomeamento e cesamento destes funcionarios é libre e corresponde ao Alcalde ou ao Presidente da entidade local correspondente. Cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

3. Os nomeamentos de funcionarios de emprego, o réxime das súas retribucións e a súa dedicación publicaranse no «Boletín Oficial» da Provincia e, no seu caso, no propio da Corporación.”

Visto os anteriores antecedentes e en virtude das competencias que outorga a esta Alcaldía o artigo 104 da Lei reguladora das bases do réxime local, se procede á adopción da seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO.- Acordar o nomeamento de dona María Rita Pérez Táboas como secretaria coordinadora xeral da área de goberno, na condición de persoal

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: S7DGN4LMBX7GX4DLTP4CRJPJGA | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



eventual, de conformidade co artigo 104.2 da LRBRL, con efectos do 1 de outubro de 2020 e coas seguintes condicións:

Persoa secretaria coordinadora xeral da área de goberno

Características e retribucións: Xornada completa. As retribucións brutas anuais do citado posto serán de 25.000 euros brutos en 12 mensualidades que incrementaranse na mesma porcentaxe que no seu caso sinale a correspondente lei de presupostos xerais para os funcionarios públicos. As súas funcións serán:

- Organización e programación da actividade da área de goberno.
- Secretaría persoal, axenda, visitas, etc. da alcaldesa.
- Xestión de correspondencia oficial.
- Soporte administrativo xeral da actividade da área de goberno.
- Centralización actividades relacionadas co proceso de organización de actos institucionais, visitas, etc.
- Calquera outra que estime a área de goberno, para o bo funcionamento dos servizos públicos municipais.
- Seguimento dos programas, plans e obxectivos e, actividades das diferentes áreas de goberno, organismos públicos, coa finalidade de facilitar á alcaldesa a coordinación do goberno.
- Recabar de todos os órganos do concello canta información sexa necesaria para o cumprimento das funcións de coordinación.

A persoa nomeada poderá ser cesada ou separada libremente pola Alcaldía en calquera momento do mandato da actual Corporación. En calquera caso, este persoal eventual cesará automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución á interesada, aos departamentos de persoal e intervención e, proceder á publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na seguinte sesión que celebre.

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez

A SECRETARIA

M^a Ángeles García Villaverde

Documento datado e asinado dixitalmente na marxe.

